

**Dirección Xeral de Formación Profesional e  
Ensinanzas Especiais**

**Probas de acceso a ciclos formativos  
de grao superior**

**Parte específica**

**Lingua galega e literatura**

# Índice

1.Formato e duración.....	3
2.Exercicio .....	3
3.Criterios de avaliación e comentarios .....	6
3.1 Criterios que se empregan no exercicio.....	6
3.2 Criterios que se empregan no exercicio modificando o procedemento base.....	6
3.3 Criterios excluídos do exercicio.....	6
4.Solución completa con pautas de corrección e de puntuación .....	7
Pregunta 1.....	7
Pregunta 2.....	7
Pregunta 3.....	7
Pregunta 4.....	8
Pregunta 5.....	8

# **1. Formato e duración**

A proba constará de cinco preguntas baseadas nun texto.

Este exercicio terá unha duración de corenta minutos.

# **2. Exercicio**



Proba de

Código

CSPX010

Lingua  
galega e  
literatura

Control

Poña aquí a etiqueta  
de control do exame

(código só en letras)

Lingua galega e literatura



**PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR**  
**Convocatoria ordinaria: xuño de 2004**

*Parte xeral*  
**LINGUA GALEGA E LITERATURA**  
[CS.PX.010]

PÁXINA 1/1

“Tiña eu once anos cando meu pai, que estaba na Arxentina, nos chamou cabo de si; e alá fomos embarcados, a miña nai e máis eu, nun paquebote alemán. E axiña de arribar a Bos Aires pillamos un tren que corría moito e logo outro tren que corría pouco e despois un coche de cabalos que nos levou a tombos polo deserto da Pampa. Naquela soidade plantara meu pai unha casa para facerse rico, cavilando sempre nos eidos nativos, e era forza pecha-los ollos ao circio traballo en espera do retorno feliz.

A nosa casa era o centro comercial de dez leguas á redonda. Alí vendiamos de todo e alí mercabamos canto producía o país: la, coiros e plumas. O mostrador do comercio estaba defendido con reixas de ferro, porque na nosa casa- portelo obrigado de moitos vieiros-paraban de cotío “gauchos” bravos, afeitos a tomarse de bebida para aldraxarnos co coitelo na man.

Eu doíame de durmir enriba do mostrador, en compañía do outro dependente. Miña nai, a pobre, choraba de verse entre xentes sen relixión. E os dous, feridos de saudade, botabamos de menos a pobreza limpa dos meus avós, que xa se tornara azul diante da moura fartura do presente; e no filo en que os nosos ollos avistaban desbalsábanse en bágoas.

Un día chegou ao comercio un vello “gaucho”, enxebremente vestido e atrangallado con mil adovios de prata. O seu cabalo rechinaba no palenque e os nosos cans oubeábanlle de firme”

Castelao. Retrincos

- 1. Sintetice o texto en poucas liñas e indique o tema.** [3,00 puntos]
- 2. Explique o significado das palabras subliñadas no texto.** [1,00 punto: 0,25 cada palabra]
- 3. Indique a persoa, o número e o tempo das seguintes formas verbais: *chamou, corría, cavilando, paraban.*** [2,00 puntos: 0,50 por cada forma]
- 4. Redacte un texto de 10 a 15 liñas sobre o seguinte tema: “A emigración”.**  
[2,00 puntos: 0,25 pola presentación, marxes, letra clara e boa disposición do texto; 0,50 pola redacción clara e ordenada, con parágrafos, e pola puntuación; 0,50 pola ortografía; 0,25 pola creatividade; 0,50 pola propiedade expresiva e o dominio do léxico]
- 5. Escriba o que saiba sobre o autor, a súa xeración e o seu contexto sociocultural, en aproximadamente 15 liñas.** [2,00 puntos]

## **3. Criterios de avaliación e comentarios**

### **3.1 Criterios que se empregan no exercicio**

- Analizar criticamente as circunstancias que condicionaron a evolución, o uso e a realidade actual da nosa lingua.
  - Este criterio valórase na pregunta 5.
- Utilizar a reflexión sobre a lingua nos seus planos fónico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual, así como os conceptos e os procedementos lingüísticos básicos adecuados para a comprensión e a produción de textos —segmentación, conmutación, clasificación, análise, etc. —.
  - Este criterio valórase nas preguntas 2, 3 e 4.
- Producir textos de distinto tipo —exposición, argumentación, instrucións, etc. — con coherencia, corrección e adecuación á situación de comunicación.
  - Este criterio valórase nas preguntas 4 e 5.
- Establecer relacións entre unha obra representativa dun autor ou dunha época e o contexto sociocultural no que se produciu.
  - Este criterio valórase na pregunta 5.
- Interpretar textos e obras literarias tendo en conta a estrutura da forma literaria á que pertence e a técnica empregada.
  - Este criterio valórase nas preguntas 1 e 4.

### **3.2 Criterios que se empregan no exercicio modificando o procedemento base**

Non hai modificacións substanciais, senón, nalgúns casos, pequenas adaptacións.

### **3.3 Criterios excluídos do exercicio**

- Analizar en textos de distinto tipo transmitidos por canles diferentes as variedades lingüísticas que se manifestan neles, así como as valoracións e as actitudes sociolingüísticas implícitas.
  - Nota: tendo en conta que se trata dunha proba escrita e considerando a duración do exercicio, este criterio non se avalía na proba.

## 4. Solución completa con pautas de corrección e de puntuación

### Pregunta 1

- Síntese do texto e tema: [3,00 puntos]
  - Síntese : [2,00 puntos]: valorarase a capacidade de síntese [0,50 puntos], a redacción [0,50 puntos], a interpretación correcta do texto [0,50 puntos] e a propiedade expresiva [0,50 puntos].

Exemplo: “Alguén recorda un episodio da súa infancia. Lembra a viaxe que realizou coa súa nai a un lugar da Arxentina onde o pai tiña un negocio. Conta como o comercio familiar tiña que estar protexido da violencia da zona e describe algunha penalidade que el padecía. Tamén rememora a saudade da terra que padecen el e a súa nai. Por último, anuncia a chegada dun gaúcho.”

- Tema [1,00] punto: valorarase a identificación da idea fundamental [0,50 puntos], a capacidade de abstracción [0,25puntos] e a enunciación correcta dun tema [0,25puntos].

Exemplo: “Lembranzas dun emigrante”, “A vida na Pampa”, “As peripecias dun neno galego emigrante”, “A emigración vista polos ollos dun neno”. Admitirase calquera outro enunciado de tema que sexa coherente coa idea principal do texto.

### Pregunta 2

- Significados: [1 punto: 0,25 por cada significado correcto]:

Admítense sinónimos, pero en ningún caso recorrer ao castelán, nin traducindo a palabra en cuestión nin explicando nesa lingua o significado.

- “paquebote” [0,25 puntos]: *barco que fai servizo de correo e de pasaxeiros entre dous portos.*
- “la” [0,25 puntos]: *pelo das ovellas e dos carneiros, que se utiliza para facer tecidos.*
- “coitelo” [0,25 puntos]: *instrumento cortante que consta dunha folla de metal afiada unida fixamente a un mango.*
- “pobreza” [0,25 puntos]: *estado de quen carece do necesario para vivir; penuria; ruína.*

### Pregunta 3

- Persoa, número e tempo de formas verbais. [2,00 puntos: 0,50 por cada forma correcta]
  - “chamou”: terceira persoa de singular do pretérito de indicativo.
  - “corría”: terceira persoa de singular do pretérito imperfecto ou copretérito de indicativo.
  - “cavilando”: xerundio.

- “paraban”: terceira persoa de plural do pretérito imperfecto ou copretérito de indicativo.

#### Pregunta 4

- Texto sobre “a emigración”(10 a 15 liñas). [2,00 puntos]

Teranse en conta aspectos tales como a presentación, a caligrafía, a ortografía, o vocabulario empregado, a precisión nos termos, a puntuación, etc. Valorárase do seguinte xeito: redacción [0,50], propiedade expresiva [0,50], creatividade [0,50] e dominio do léxico [0,50].

Considerárase como falta leve, penalizada con 0,05 puntos, o uso incorrecto dos tiles, o uso de variantes dialectais, coloquialismos e imprecisións léxicas, e a mala caligrafía.

Considerárase como falta grave, penalizada con 0,10 puntos, os erros ortográficos de “b/v” ou “h”, a mala puntuación, a ausencia de marxes, a presenza de borróns, etc.

Considerárase como falta moi grave, penalizada con 0,20 puntos, aquela que vaia contra o sistema, como o uso de formas compostas, o uso inxustificado de letras como “y”, “j” ou “ç”, a mala colocación do pronome átono, non usar maiúsculas cando corresponda, etc.

#### Pregunta 5

- Escrito sobre o autor, a súa xeración e o seu contexto cultural (15 liñas). [2,00 puntos]

Cuantificación: coñecemento do autor [0,50], coñecemento da Xeración Nós e da historia do galeguismo [0,50], contextualización [0,25], redacción [0,25] e ortografía [0,50].

- **Nota:** estes breves apuntamentos que seguen só son unha guía orientativa. Nesta pregunta tamén se valorarán as destrezas de redacción da persoa que fai o exercicio aplicándolle os criterios de corrección da pregunta 4.

*Alfonso Daniel Rodríguez Castelao é un dos mitos do século XX. Na súa obra aparece reflectido un profundo coñecemento da psicoloxía do pobo galego.*

*Castelao coincide cronoloxicamente cos homes da Xeración Nós e está ligado ás súas preocupacións literarias, pero o seu esquema vital e ideolóxico presenta características que o individualizan: Castelao intégrase moi axiña no galeguismo, manténdose nel durante toda a súa vida, e a súa obra está máis próxima do pobo galego ca calquera do resto dos compoñentes do Grupo.*

- *Breves apuntamentos biográficos:*

*Naceu en Rianxo en 1886, alí residiu ata a idade de 10 anos; nese momento emigra á Arxentina, onde o seu pai rexentaba un negocio. De regreso, catro anos máis tarde, estudiará en Santiago o bacharelato e a carreira de medicina. Esta carreira exerceuna só esporadicamente e guiado polo espírito humanitario que o caracterizaba. No ano 1916 fíxose cargo dunha praza do “Instituto Geográfico y Estadístico”, o que lle permitiu dedicarse a outras ocupacións que configuran as distintas facetas de Castelao.*

- *Castelao como político:*

*A vida política de Castelao comezou no ano 1912 coa súa adhesión ao movemento galeguista de Acción Gallega; posteriormente participa activamente coas Irmandades da Fala desde o*



*momento da súa creación.*

*En 1931 é elixido deputado pola provincia de Pontevedra.*

*En 1946 é nomeado ministro do Goberno da República no exilio, despois de xogar un papel decisivo na elaboración do Estatuto de Autonomía.*

– *Facetas da súa obra*

*A obra artística e Castelao ten dúas facetas: a de pintor e a de debuxante. Do seu traballo como pintor quedan poucas mostras.*

*Dentro da súa faceta como debuxante destacou como caricaturista xa desde os anos de estudante.*

*Vinculadas con esta faceta artística están outras facetas, como a de conferenciante ou a de autor de ensaio e obras de estudo, onde destaca: “O cubismo”, “As cruces de pedra na Bretaña”, “As cruces de pedra na Galiza”.*

– *Constantes na obra de Castelao:*

*A obra de Castelao está presidida por un pensamento que é motor da súa conduta: manter e fomentar os valores culturais, defendendo a particularidade da terra e do idioma. Os trazos cos que pretende conseguir este ideario son:*

*Ruralismo de signo progresista.*

*Defensa do idioma*

*Ataque contra o que el considera as pragas de Galicia: o caciquismo, a inxustiza, a pobreza, a usura e a emigración.*

– *Obras de Castelao*

• *Narrativa breve:*

– *“Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete”(1926). Neste relato atopamos bosquexadas as preocupacións de Castelao: o sentimento da terra e, en conexión con el, a defensa do idioma; a emigración e o caciquismo.*

– *“Cousas” (1926-1929-1934). É a obra máis difundida de Castelao. A singularidade desta obra nace da arte combinatoria con que están tratados os distintos elementos.*

– *“Retrincos” (1934). Trátase de contos que refliten momentos moi significativos da existencia humana.*

• *Narrativa longa:*

– *“Os dous de sempre”. Nesta novela cóntansenos as aventuras e desventuras de dous protagonistas. Esta obra pertence ao tipo de romance de formación e representa a posibilidade de novela picaresca en galego.*

• *Teatro:*

– *“Os vellos non deben de namorarse”. Traxicomedia de carácter didáctico na que Castelao trata o tema do vello namorado da moza.*

• *Ensaio:*

- *“Sempre en Galiza”. Esta obra abrangue a experiencia político-existencial de Castelao entre 1935 e 1943, período de máxima tensión da súa vida pública. Neste libro aparece unha interpretación da historia de Galicia, en parte mítica.*